

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN REPSOL EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela:

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. (En diante, a Consellería)

Don António Calçada de Sá, con NIE X1183650R, na súa calidade de director xeral da Fundación Repsol, con domicilio social na c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid, con CIF número G81251860, que actúa en representación desta, facendo uso do poder outorgado ao seu favor o 17 de xaneiro de 2019 ante o notario de Madrid don Jaime Recarte Casanova, co número 223 do seu protocolo de instrumentos públicos (en diante, a Fundación Repsol).

MANIFESTAN

1. Que, de acordo con o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do 1 idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais realizadas en galego.

2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego. Para este fin preciso colaborar, na medida do posible, con outros axentes ou entidades públicas e privadas que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso ás relacións laborais, comerciais e empresariais coa finalidade de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que o obxecto da Fundación Repsol é o de ser «expresión da vocación de responsabilidade social corporativa do Grupo Repsol e, en particular, do seu compromiso coa mellora sostida das sociedades nas que desenvolve as súas actividades industriais e empresariais», e pode levar a cabo este propósito mediante a persecución de fins de interese xeral de carácter social, cultural, ambiental, así como científico, educativo e de fomento da investigación, as cales poderán ser desenvolvidos mediante plans ou programas de actuación consistentes en «accións directas da propia Fundación Repsol ou na súa participación ou apoio a programas e accións impulsadas por terceiros».

5. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Repsol consideran que unha das mellores maneiras de estimular a normalización da lingua galega é a de fomentar todo tipo de creatividade en galego e, neste sentido, decidiron colaborar na convocatoria e desenvolvemento do “Premio Narrativa Breve Repsol”, en diante o “**Proxecto**”, cuxas características se describen máis adiante e que viña organizando tradicionalmente a Refinería de Repsol Petróleo, SA na Coruña.

6. Que o contido do Proxecto é coñecido pola Fundación Repsol e encaixa dentro dos fins de carácter social e cultural descritos e nos estatutos da Fundación Repsol.

7. Que, en virtude do anteriormente exposto, a Consellería e a Fundación Repsol (conxuntamente denominadas, as “Partes”) recoñecendo reciprocamente capacidade legal suficiente para intervir neste acto, acordan asinar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN (en diante, o “Convenio”) de conformidade coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do Convenio

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación Repsol para organizar conxuntamente a convocatoria e desenvolvemento do Premio Narrativa Breve Repsol 2026 para escritores en lingua galega.

As bases e condicións de participación da convocatoria deste premio figuran como anexo deste Convenio e forman parte integrante del.

Segunda. Deberes da Fundación Repsol

Mediante a sinatura deste Convenio, a Fundación Repsol comprométese a organizar, xestionar e executar todas as actividades que teñan relación co Proxecto, tales como a elaboración de bases, convocatorias, circulares, documentación, constitución do xurado, organización do acto de presentación e do acto de entrega de premios, facilitándolle ao persoal que interveña na realización e desenvolvemento do premio as infraestruturas e os medios necesarios. Por outra banda, a Fundación Repsol comprométese a realizar a dotación económica do premio por un importe de quince mil euros (15.000,00 €) de acordo con o estipulado nas bases do Premio Narrativa Breve Repsol.

Terceira. Deberes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

En virtude deste acordo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, comprométese a colaborar coa Fundación Repsol nas seguintes actividades relacionadas co desenvolvemento do Proxecto:

- Na constitución do xurado do Proxecto, que se compondrá de personalidades de recoñecido prestixio no ámbito literario e cultural, preferentemente críticos literarios.
- Na prestación de apoio institucional na organización das actividades que teñan relación co do Proxecto, así como na súa entrega do premio.
- Na difusión do Proxecto mediante actuacións informativas e divulgativas, roldas de prensa e na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua.
- En calquera outra que as Partes acordasen expresamente.

Cuarta. Asesoramento en materia lingüística

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude prestaralle apoio e asesoramento técnico á Fundación Repsol en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades obxecto do presente Convenio.

Quinta. Orzamento e financiación do Convenio

A execución dos deberes deste Convenio de colaboración non supoñerá un custo económico directo imputable á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude sen prexuízo de que para o cumprimento dos fins relacionados coa responsabilidade social corporativa a Fundación Repsol asuma a dotación económica do premio na súa integridade por un importe de quince mil euros (15.000,00 €) de acordo como o estipulado nas súas bases.

Sexta. Propiedade industrial, imaxe e marca

A denominación social de cada unha das Partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Ningunha das Partes asinantes do presente Convenio poderá utilizar marcas, distintivos ou dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca da outra Parte para fins distintos dos expresamente indicados neste documento.

Cada unha das Partes garántelle á outra que é titular da totalidade das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe e marca que serán utilizados pola outra Parte en virtude deste Convenio ou, de ser o caso, que conta coas autorizacións correspondentes do seu titular. No marco dos deberes previstos no presente Convenio a utilización pola Fundación Repsol, dos logotipos e da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, para promover a súa acción normalizadora e de dinamización lingüística requirirá a supervisión e aprobación previa da Secretaría Xeral da Lingua que, ademais, fará indicacións respecto da colocación e localización dos signos distintivos na documentación ou soporte de que se trate. A utilización das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe ou marca titularidade da outra Parte para os fins previstos no presente Convenio non comportará de ningún xeito a adquisición por aquela de ningún dereito sobre estes.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao amparo deste Convenio de colaboración deberán levar a cabo de acordo con o indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste Convenio de colaboración.

Oitava. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste Convenio de colaboración supoñerá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao Convenio de colaboración, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do luns 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste Convenio de colaboración as Partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena. Difusión da colaboración das Partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas co Premio Narrativa Breve Repsol farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das Partes e utilizaranse, cando cumpra, os anagramas ou logos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas Partes comprométese a facer mención da outra parte e deste Convenio de colaboración.

Cada unha das Partes asinantes do Convenio someterá á aprobación previa da outra parte, antes da súa publicación definitiva, os lugares e características de impresión da súa denominación e logo en todo o material impreso, electrónico e/o audiovisual que se produza, edite, publique, divulgue ou do que leve a cabo unha comunicación pública en formato físico ou dixital.

Décima. Duración e extinción do Convenio

Este acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

A extinción deste acordo poderá producirse polas seguintes causas:

- Polo transcurso do período previsto para a súa vixencia.
- Por mutuo acordo das Partes.
- Por desistencia dunha das Partes.
- Por incumprimento total ou parcial dalgunhas das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

Así mesmo, o uso non autorizado ou para un fin distinto ao pactado neste Convenio realizado por calquera das Partes dos signos distintivos da outra parte que estivesen protexidos por dereitos de propiedade industrial ou intelectual facultará a esta para resolver este acordo, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e perdas a que dese lugar e que, en tal suposto, deberá, así mesmo, ser satisfeita pola dita parte infractora.

Décimo primeira. Responsabilidade das actuación

A sinatura deste Convenio de colaboración non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades relacionadas neste Convenio, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do Convenio de colaboración.

Décimo segunda. Avaliación de resultados

A Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades relacionadas coa convocatoria e o desenvolvemento do Premio Narrativa Breve Repsol 2026 e, así mesmo, a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua galega e na promoción e difusión da cultura.

Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal

As Partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste Convenio de colaboración respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeneral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptar cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e deberes derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta. Bo goberno e código de ética e conduta de colaboradores e provedores

As actuacións e colaboracións da Fundación Repsol teñen como base o cumprimento dunha serie de premisas recollidas no seu código de bo goberno (dispoñible para consulta en: <https://www.fundacionrepsol.com/content/dam/repsol-fundacion/gobierno/Co%CC%81digo%20Buen%20Gobierno%20Fundacio%CC%81n%20Repsol%20Nov.%202023.pdf>), coa finalidade dunha maior transparencia e en liña coas mellores prácticas de goberno corporativo para o óptimo desenvolvemento e execución dos seus fins fundacionais.

O devandito código de bo goberno ten por obxecto establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta da Fundación Repsol, os membros do seu padroado e demais órganos e empregados

desta, no desenvolvemento das actividades a través das que se materialicen os fins da Fundación Repsol.

En virtude da propia normativa interna de obrigado cumprimento para a Fundación Repsol, atendendo aos seus propios fins fundacionais e ao espírito do seu código de bo goberno, resulta necesario que calquera proxecto no que colabore a Fundación Repsol estea aliñado cos compromisos e principios recolleitos nos devanditos documentos. Ambas partes se comprometen a actuar de conformidade cos principios de legalidade, integridade institucional, transparencia, bo goberno e cumprimento normativo que resulten de aplicación segundo o respectivo réxime xurídico de cada unha delas.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude deberá respectar e cumprir as disposicións contidas no código de ética e conduta de colaboradores e provedores da Fundación Repsol (dispoñible para consulta en https://www.fundacionrepsol.com/content/dam/repsol-fundacion/gobierno/documentos/codigo_de_etica_y_conducta_de_colaboradores_y_proveedores_fundacion_repsol.pdf).

Décimo quinta. Modificación do Convenio

Se posteriormente á firma do Convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas a Fundación Repsol, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas no texto do Convenio, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda que será acordada de mutuo acordo entre as Partes.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume dos deberes ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo sexta. Comunicacóns

Sendo a Fundación Repsol unha persoa xurídica seralle de aplicación o artigo 14 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As comunicacóns formais derivadas da execución, seguimento, modificación, interpretación ou extinción do convenio deberán efectuarse a través dos sistemas e canles electrónicos corporativas habilitadas pola Xunta de Galicia para tal finalidade, incluíndo o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal) cando proceda, sen prexuízo da utilización do correo electrónico para actuacións de coordinación, intercambio de información ou comunicacóns de carácter meramente operativo.



Para a FUNDACIÓN REPSOL:

Mercedes Gómez Badiola.

C/ Méndez Álvaro 44. 28045 Madrid

Telf.: 677 624 715

Enderezo electrónico:
mgomezb@fundacionrepsol.com_

Para la Entidade Beneficiaria:

Secretaría Xeral da Lingua.
Subdirección Xeral de Planificación e
Dinamización Lingüística

Rúa de San Roque, 2. 15704. Santiago de
Compostela.

Telf. 881 996 327

Enderezo electrónico:
sxpl.secretaria@xunta.gal
maria.coutinho.villanueva@xunta.gal

Décimo sétima. Lei aplicable e xurisdición

Este Convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Respecto da Fundación Repsol tamén lle será de aplicación ao obxecto deste Convenio as disposicións que lle sexan aplicables contidas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e no Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste Convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas as Partes asinan dixitalmente este Convenio e o seu anexo.

**O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude**

**El director xeral da Fundación
Repsol**

D. José López Campos

D. Antonio Calçada de Çá

ANEXO I

BASES XX PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL

A Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a edición anual do Premio Narrativa Breve Repsol, que se rexerá polas seguintes bases:

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, excepto a persoa gañadora das tres ultimas edicións anteriores, cunha novela curta escritura en lingua galega, conforme a normativa establecida pola Real Academia Galega.

2. As novelas, que serán orixinais e inéditas en todos os formatos, terán unha extensión non inferior a 120.000 caracteres con espazos incluídos nin superior a 270.000 caracteres con espazos incluídos. Os autores deberán facer constar na última páxina anexa o número total de caracteres con espazos do seu orixinal.

3. Presentaranse seis copias encadernadas de cada orixinal e unha sétima copia en pendrive no que se incluírá a obra en formato PDF. En cada unha das copias figurará o título da novela e o seu lema. Ademais, acompañarase un sobre pechado no que figurará a citado lema e, no seu interior, o nome, dirección, números de teléfono fixo/móbil do autor ou autora, unha recensión biográfica recente e o pendrive.

4. Na creación dos textos non se pode empregar ningunha clase de intelixencia artificial xenerativa. Dita circunstancia se acreditará na declaración xurada da orixinalidade da obra, autoría e non uso de intelixencia artificial xenerativa na súa redacción.

5. As novelas enviaranse **ata o 31 de xullo de 2026**, facendo constar no sobre Premio Narrativa Breve Repsol, á seguinte dirección:

Complexo industrial Repsol A Coruña
Apartado de correos 700
15080 A Coruña

6. Incluírse aos orixinais, nun sobre pechado, unha declaración xurada asinada polo autor ou autora onde declare a súa autoría sobre a novela, así como a súa orixinalidade. A non inclusión da devandita declaración xunto coa novela será motivo para que a novela en cuestión sexa excluída automaticamente, considérese non remitida e non presentada, e destrúase.

7. Establécese un único premio dotado con quince mil euros (15.000,00 €). Esta cantidade estará suxeita á retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.

8. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as novelas presentadas non reúnen a calidade suficiente.

9. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición en galego de ata un máximo de 1.500 exemplares do texto gañador así como a edición dixital do mesmo durante cinco anos. Estes dereitos corresponderanlle en exclusiva á Fundación Repsol. A novela premiada será publicada pola Editorial Galaxia segundo o contrato de edición asinado para o efecto nos termos que acorden a Fundación Repsol e a Editorial Galaxia. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome de Premio Narrativa Breve Repsol 2026

10. O xurado estará composto por:

- Unha persoa nomeada pola Secretaría Xeral da Lingua.
- Unha persoa nomeada pola Fundación Repsol.
- Unha persoa nomeada pola Real Academia Galega.
- Unha persoa nomeada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.
- Unha persoa nomeada pola Editorial Galaxia.

A decisión do xurado será inapelable e farase pública no mes de setembro do ano 2026.

11. A entrega do premio terá lugar nun acto público que levará a cabo a finais de ano na cidade da Coruña. Salvo por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

12. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras así o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous (2) meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.

13. A participación no Premio Narrativa Breve Repsol é voluntaria. A continuación, atoparás información básica sobre como trataremos os teus datos de carácter persoal polo feito de participar nesta acción:

Responsable	Fundación Repsol, con domicilio en c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid.
Datos obxecto do tratamento	Todos os datos que nos proporcionas, así como os que deriven da túa participación no premio.
Finalidade	A realización das xestións necesarias para o desenvolvemento do premio, incluída a selección do gañador, a publicación do gañador, o contacto co gañador para a entrega do premio e a posterior entrega do premio a este.
Base lexítima do tratamento	O teu consentimento manifestado, expresamente, ao participar neste premio.

Destinatarios dos datos	Os que resulten necesarios conforme á lei e os provedores de servizos na súa condición de encargados do tratamento, así como á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Dereitos da persoa interesada	Acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e a retirar o consentimento prestado. Podes atopar un maior detalle sobre estes dereitos na información ampliada, dispoñible na política de privacidade en: www.fundacionrepsol.com . Poderanse exercer estes dereitos a través dunha comunicación á dirección do responsable. Así mesmo, poderás formular, en calquera momento, unha reclamación ante a autoridade de control.
Duración do tratamento	Durante o tempo que dure a acción e, unha vez finalizada, por un período de 6 anos.
Transferencias internacionais	As que resulten da nosa relación con provedores de servizos, coas garantías dispostas na política de privacidade dispoñible en: www.fundacionrepsol.com .
Información adicional	Podes consultar información ampliada sobre como tratamos os teus datos na política de privacidade dispoñible en: www.fundacionrepsol.com .

14. A participación no premio supón que o participante gañador autoriza expresamente que a Fundación Repsol poida facer difusión, en calquera medio de comunicación interno e/o externo que estime oportuno, así como nas redes sociais nas que se desenvolva o premio, dos seus datos persoais consistentes no seu nome e apelidos coa exclusiva finalidade de divulgar o premio. Todo iso dentro da política de transparencia á que se atopa comprometida a Fundación Repsol e mesmo antes de que se produza a aceptación formal do premio ou no suposto de confirmarse que o participante non cumpre co resto de condicións impostas nas bases e perdese, consecuentemente, o dereito ao premio. A difusión e/o publicación do seu nome como gañador non xerará ningún dereito ao seu favor para a adxudicación do premio se o participante non cumpre co resto de condicións recollidas nas bases, así que perderá o dereito ao premio, a pesar de calquera publicación.

15. O autor ou autora premiado comprométese a cederlle os dereitos de explotación da súa novela á Fundación Repsol de forma inmediata tras ser premiado e, en exclusiva e por unha duración de cinco (5) anos coa finalidade de facela accesible ao público. O autor sempre será recoñecido como autor da novela; este é un dereito irrenunciabile e intransmisible.

Especificamente a cesión dos dereitos de explotación a favor da Fundación Repsol incluírá os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da novela en calquera formato existente, así como a través de todos os medios de comunicación en liña ou fóra de liña que sexan necesarios para a correcta promoción da novela.

16. Nos aspectos non establecidos nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderalles ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán un ditame que será inapelable.

17. A participación na convocatoria do Premio Narrativa Breve Repsol 2026 implica a aceptación destas bases.

